



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para a realización de programas de información sobre a Unión Europea e de proxectos de cooperación europea, destinados á xuventude galega, no exercicio 2024.

Memoria xustificativa

Lara del Carmen Meneses Álvarez, directora xeral de Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Europa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Fundación Galicia Europa dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para o financiamento pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da concesión directa dunha subvención, dos programas de información e sensibilización da Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea dirixidos á xuventude galega, así como para a preparación e o desenvolvemento pola Fundación Galicia Europa de proxectos de cooperación europea en beneficio da mocidade galega e portuguesa, durante o ano 2024. Ditas actividades levaranse a cabo en coordinación coa Rede Galega de Información Xuvenil, unidade adscrita Dirección Xeral de Xuventude encargada do desenvolvemento e coordinación das actividades de información en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Galicia Europa é unha fundación pública creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, tendo entre os seus obxectivos, contribuír á formación europea da mocidade galega e difundir información de interese para a





sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades. Para isto conta con diversas canles de difusión da actualidade comunitaria de interese para as persoas mozas.

En base a isto, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, nos termos recollidos no artigo 19.4a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, establécese a subvención que recolle o convenio que nos ocupa con carácter nominativo, polo que non é posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria electronicamente, en Santiago de Compostela.

Lara del Carmen Meneses Álvarez

